

Desexámosvos...

un bo
libro
e
unhas lectoras
vacacións.



Nadal 2012

DENDE A
BIBLIOTECA
ESCOLAR
"PAULA
CARBALLEIRA"



EDUCACIÓN INFANTIL:

PENSANDO
"NESA"
CARTA, CORREO
ELECTRÓNICO, SMS,
WHATSAPP ...

que tod@s pensades escribir ...



... a todo ser capaz de manter a máxima xenerosidade dun agasallo nestes tempos tan difíciles, pois de novo suxerencias


para pedichonear, pensando que se vos poñedes de acordo cos/as amiguet@s, logo podedes compartir:

• **Catuxa quiere saber- C. Blanco-Everest:**

Anque os lentes de Catuxa aparentan un problema, pronto serán algo especial para esta nena que adora os contos do avó.



• **Un gorila-A. Browne-Kalandraka:** Primates, coma nós, hanche ensinar a contar do 1 ao 10 con fermosas ilustracións. Queres aprender?



• **Bicos de música-Mamá Cabra:** Para aprendelas todas, para compartilas, cantalas ata "desgañitarte"...




• **Gatiño e a neve-J.Franz-Kalandraka:**



Lémbreste de Gatiño, tan tímido? Pois faise amigo de Coelliña, branca coma a neve coa que disfrutaban tanto coma da súa amizade.

• **Cada vez máis alto- E. J. andi-Kalandraka:** Poesía para os soños e anxeios deste personaxe que quere chegar...cada vez máis alto. Ti tamén?



• **É hora de durmires, meu amor-N. Tillman-Linteo :** Porque, sabes? non es @ únic@ que non quere ir durmir cando cae de sono. Verás cantos cachorros e crías precisan o agarimo da súa familia á



hora de durmir.

E da mesma autora e editorial

• **Onde ti esteas... O afecto, o amor, o agarimo de quen de verdade te quere, sempre vai atoparte, estés onde estés .**



Papás, mamás, prof@s, avós, avoas e persoas adultas en xeral



• **As leis fundamentais da estupidez humana-C.M. Cipolla-Rinoceronte:** Para reflexionar, para comprobar, porque tod@s recoñecemos no noso entorno que si, que é o grupo máis poderoso. Dixo alguén: "En dúas palabras : im perdible".

• **Tonas de laranxa-María e Manuel Lorenzo-Xerais:** Nunha linguaxe fermosa, a xeito de conto, esta historia que son moitas, de amor (tamén alén da morte), fantasía, viaxes, reloxos...o arume de Moreira e os seus habitantes permanecerá no teu maxín moito tempo



• **50 cosas que no soporto de mis hijos adolescentes-A. Galán-Everest:** Se @ teu/túa primeir@ fill@ está en 5º/6º non podes perderte este libro. Ou se está en infantil e queres ir preparándote. En clave de humor, sen base científica algunha...pero absolutamente real. Recoñécese? E ti, que adolescente eras?

E se che gusta a banda deseñada: **Ardalén-M.A. Prado-Patito Editorial**, sobre a memoria e a identidade.

